

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xefe de administración da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CETECA),

DECLARA:

Que esta Fundación formalizou, coa Universidade de Vigo (UVigo), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións en que os estudantes da UVigo realizarán un programa de prácticas académicas externas entre a UVigo e o CETECA, segundo as condicións particulares establecidas no correspondente programa formativo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Que a UVigo ten, entre os seus fins, achegar a formación universitaria á realidade social e profesional da nosa contorna, mediante o establecemento de relacións con institucións externas, que permitan completar o proceso formativo cunha posta en práctica dos coñecementos teóricos adquiridos. Deste xeito, preténdese facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado en áreas operativas da empresa relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na UVigo, e así promover o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

- Que, segundo o artigo 4 dos seus estatutos, o obxecto fundamental da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne é contribuír ao desenvolvemento tecnolóxico das empresas galegas relacionadas co sector cárnico, en todos os ámbitos de actividade e todas as cabanas existentes e en particular fomentar a investigación e o desenvolvemento na materia cárnica, mellorar as técnicas de xestión produtiva, coordinar a correcta utilización de todos os medios tecnolóxicos existentes en Galicia, asistir o sector nos procesos de adaptación legislativa e atender a formación profesional dos recursos humanos. O CETECA ten interese na cooperación educativa coa Universidade para contribuír á formación integral dos estudantes complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica, para facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que os estudantes terán que operar, para favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas, para favorecer unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade futura e para favorecer os valores de innovación, a creatividade e o emprendemento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en San Cibrao das Viñas, a 22 de marzo de 2022.

O xefe de administración

Emilio González Cacheiro

